

## **CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E FEDERACIÓN GALEGA DE PIRAGÜISMO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS POR PARTE DO ESTUDANTADO**

### **REÚNENSE:**

Dunha parte, Manuel Joaquín Reigosa Roger, reitor da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da comunidade autónoma de Galicia 110/2022, do 9 de xuño, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 117, do 20 de xuño, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 50 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e o artigo 29 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, e publicados no DOG núm. 38, do 22 de febreiro.

Doutra, ALFREDO BEA GARCÍA, que actúa en nome e en representación de FEDERACIÓN GALEGA DE PIRAGÜISMO, con domicilio social en Lugar Gavián s/n - 36151 Verducido (Pontevedra) e DNI/NIF G36040764.

Ambas as partes teñen plena capacidade para cumprir o presente convenio de cooperación educativa e

### **EXPOÑEN:**

1. Que o interese de ambas entidades é facilitar a preparación para o exercicio profesional do estudiantado universitario e a súa futura inserción laboral
2. Con este fin, acordan establecer un convenio de cooperación educativa sometido ás seguintes

### **CLÁUSULAS**

#### **Primeira. Acollemento do alumnado**

Namentres este convenio estea vixente, FEDERACIÓN GALEGA DE PIRAGÜISMO está en disposición de acoller estudantes da Universidade de Vigo para realizar prácticas académicas externas, sen que exista ningunha obriga ao respecto. As condicións de cada praza de prácticas recolleranse nun anexo ao presente convenio no que figurarán polo menos os datos do/a estudante, a duración, a modalidade e o lugar onde se realizan as prácticas, así como o proxecto formativo obxecto da práctica. De fixarse outras formas de colaboración, especificaranse no anexo correspondente que, por parte da Universidade de Vigo, asinará a persoa responsable de prácticas do centro universitario, da titulación de Mestrado ou o titor/a académico.

#### **Segunda. Relación entre o alumnado e a institución**

Dado o carácter formativo das prácticas académicas externas, da súa realización por parte do alumnado na

entidade FEDERACIÓN GALEGA DE PIRAGÜISMO, non se derivarán en ningún caso obrigas propias dunha relación laboral nin o seu contido poderá dar lugar á substitución da prestación laboral propia de postos de traballo. Pola súa parte, o estudantado comprometerase a gardar o segredo profesional no referido aos traballos obxecto das prácticas e non poderá, en ningún caso, asinar informes, ditames ou similares.

### **Terceira. Compromisos**

No caso de ser unha entidade privada, FEDERACIÓN GALEGA DE PIRAGÜISMO non acollerá estudantes en prácticas si estivese incurso nun expediente de regulación de emprego (ERE) na data de inicio da práctica. No caso de que a regulación fose temporal ou só afecte algúns departamentos en concreto, o/a estudante só poderá realizar as prácticas nas áreas non afectadas polo ERE.- Ademais, no caso de ser solicitados, a entidade facilitaralle á Universidade de Vigo, os informes que estime oportunos a fin de determinar a idoneidade da entidade colaboradora, así como os datos relativos á dimensión do seu cadro de persoal, segundo consta no relación nominal de traballadores/as (RNT).

### **Cuarta. Contraprestacións económicas**

Este convenio non supón ningún gasto para a Universidade de Vigo, polo que non se precisa unha consignación orzamentaria. O/A estudante poderá percibir, se a entidade así o decide, unha contraprestación en concepto de bolsa ou de axuda ao estudo, axustándose en todo caso a normativa complementaria desenvolvida pola Universidade de Vigo.

### **Quinta. Titorización**

A Universidade de Vigo designará un titor/a académico para cada estudante en prácticas. Pola súa parte, FEDERACIÓN GALEGA DE PIRAGÜISMO designará tamén unha persoa con experiencia profesional e cos coñecementos necesarios para realizar unha tutela efectiva. A Universidade de Vigo, a través dos seus centros docentes ou as propias Comisións de Mestrados, outorgaralle a esa persoa designada pola entidade a certificación na que se recoñeza a tarefa realizada.

### **Sexta. Seguros**

Calquera eventualidade de accidente ou de responsabilidade civil que se puidese producir no tempo de realización das prácticas estará cuberta, segundo o caso, polo seguro escolar ou polo seguro de accidentes ou de responsabilidade civil contratados para este fin pola Universidade de Vigo.

A inclusión no réxime xeral da Seguridade Social do estudantado que realice prácticas académicas externas rexerese polo establecido no Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, e polo desenvolvemento normativo establecido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

### **Sétima. Duración**

A duración das prácticas curriculares virá determinada de acordo coa súa cuantificación en créditos na memoria de verificación do título. A duración máxima das prácticas externas extracurriculares axustarase á normativa complementaria desenvolvida pola Universidade de Vigo, agás as prácticas profesionalizantes. A duración total de prácticas nunha mesma entidade colaboradora, sexan curriculares ou extracurriculares, non poderá exceder os 30 créditos ECTS ao longo da titulación, sexa ou non de forma interrompida, e cuantificaranse para estes efectos 25 horas/crédito (750 horas).

## **Oitava. Normativa marco**

En todo caso, as prácticas realizaranse conforme o Regulamento aprobado para tramitar, xestionar e difundir as prácticas académicas externas e o Real decreto polo que se regulan as prácticas académicas externas do estudantado universitario. Así mesmo, na realización das prácticas deberán respectarse as normas das autoridades sanitarias en vigor, as esixencias preventivas de protección da saúde do alumnado e as resolucións do reitor da Universidade de Vigo.

## **Novena. Decreto lei de revalorización das pensións públicas**

En relación coas obrigas recollidas na disposición adicional quinta do Real decreto lei 28/2018, do 28 de decembro, para a revalorización das pensións públicas e outras medidas urxentes en materia social, laboral e de emprego, dado que aínda non se produciu o desenvolvemento regulamentario para a súa efectiva aplicación, ambas as partes comprométese a asinar unha addenda no momento en que o devandito desenvolvemento regulamentario entre en vigor. Nela recolleranse as obrigas das partes para cumprir a normativa de desenvolvemento do citado real decreto lei; no caso contrario, darase por extinguido o convenio.

## **Décima. Protección de datos**

As partes manifiestan e se comprometen a darlles aos datos de carácter persoal que sexan obxecto de tratamento como consecuencia do desenvolvemento do presente convenio un uso adecuado no marco do disposto pola normativa europea en materia de protección de datos de carácter persoal integrado polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (RXPDP, pola Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD) e polas demais normas de desenvolvemento que resulten aplicables.

Na execución deste convenio as partes declaran que asumen a condición de responsables do tratamento independentes, xa que cada unha no seu propio ámbito de actuación determina os medios e os fins dos tratamentos de datos necesarios; e que non se dan as condicións para ser consideradas corresponsables do tratamento ao abeiro do previsto no RXPDP. En consecuencia, cada unha das partes asinantes responderá individualmente fronte ás persoas afectadas e fronte ás autoridades de control competentes, do incumprimento das súas obrigas correspondentes en materia de protección de datos persoais, así como das infraccións en que tivese incorrido.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade dos termos legais previstos, mediante comunicación ao enderezo social do responsable do tratamento que corresponda, así como, de existir, a través de correo electrónico aos respectivos delegados de protección de datos. Se unha solicitude de exercicio de dereitos se presentase diante da parte que non sexa a competente para a súa tramitación e resolución, esta daralle traslado á competente á maior brevidade posible, informando disto á persoa interesada.

Se a correcta execución dalgunha das prestacións deste convenio requirise a cesión de datos persoais dunha das partes á outra, esta terá a súa base de lexitimación, cando menos, no cumprimento do presente convenio, de conformidade co establecido no artigo 6.1 b) do RXPDP, sempre e cando se limite aos mínimos imprescindibles para acadar o fin perseguido. En todo caso, a entidade cesionaria adoptará as medidas adecuadas para limitar o acceso dos seus empregados aos datos persoais cedidos durante a vixencia deste convenio.

Sen prexuízo do anterior, os datos persoais que figuran neste convenio relativo ás persoas asinantes serán

e/ou poderán ser obxecto daquelas actuacións que deriven da aplicación e cumprimento da normativa de transparencia e acceso á información pública á Universidade de Vigo e de ser o caso, á outra parte

### **Undécima. Resolución de conflitos**

Créase unha comisión paritaria de seguimento do presente convenio integrada por unha/un representante da Universidade de Vigo e unha/un representante da entidade colaboradora. Esta comisión resolverá os problemas que suscite este convenio na súa execución e garantirá o desenvolvemento normal dos compromisos asumidos. As cuestións litixiosas que xurdan con respecto á interpretación, modificación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas, en primeira instancia, pola comisión mixta paritaria. Os conflitos que poidan xurdir polas partes, e que non se poidan resolver na comisión mixta, someteranse á resolución da xurisdición contencioso-administrativa.

### **Duodécima. Vixencia**

Este convenio estará vixente desde a data de sinatura e terá unha duración de catro anos. Non obstante, antes de rematar o prazo previsto, se as circunstancias o fan aconsellable, as partes por unanimidade poderán acordar a súa prórroga polo período estritamente necesario e sempre dentro do límite máximo de ata catro anos adicionais establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

### **Decimoterceira. Causas de resolución**

Son causas de resolución:

- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a súa prórroga.
- O transcurso do prazo máximo da súa vixencia incluído o período de prórroga establecido nel.
- O acordo unánime das persoas asinantes.
- O incumprimento das obrigas e dos compromisos asumidos por parte dalgunha das persoas asinantes.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Por calquera das causas recollidas na normativa da universidade sobre prácticas externas (ou no contido do convenio).

Se no momento da rescisión algún ou algunha estudante estivese realizando prácticas, continuará estas ata o remate establecido.

Coa sinatura deste convenio queda derogado calquera outro que coa mesma finalidade asinaran as partes.

E, como proba de conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio, na data da última sinatura electrónica.

Reitor da Universidade de Vigo

Representante da entidade colaboradora

